

## LIMAR

*Nos sentíamos formando parte de un proceso evolutivo de Europa pero sintiendo que en Galicia, en su escondido genio nacional estaban nuestras raíces más bondas”.*<sup>1</sup>

As palabras de Luís Seoane, que presentamos como punto de partida argumental nesta recompilación de traballos sobre arte galega, sitúan á perfección os dous factores fundamentais que marcaron a construción dunha escola de pintura galega desde as primeiras décadas do século XX: “identidade” e “universalidade”. Por medio destes conceptos aludimos a dous elementos sobranceiros para entendermos a nosa arte: a historia da cultura galega e mais a súa ligazón co contexto internacional.

De por parte, cómpre lembrar que vivimos nunha época de mudanzas historiográficas e de frecuentes alternativas teóricas e semella existir un fondo prexuízo segundo o que toda referencia ao pasado como substrato validador acaba por ser entendida e reducida a unha condición conservadora ou saudosa.

Acontece iso non apenas no relativo a toda aquela produción artística que se considera superada, mais tamén no que atinxe a determinadas lecturas da historia da arte que foron postas en circulación cando a Modernidade non se daba aínda por extinta.

A tradición pictórica galega é vítima deste proceso. O complexo nó de influencias, intereses e circunstancias que alentaron a formación dunha escola de pintura galega e a condición da nosa nación dentro do contexto estatal fai que se vexa como un fenómeno ambiguo, con lecturas que van desde a súa redución a unha manifestación retardataria e rexionalizante até as que fan unha apoloxética mitificación para consumo interno. Fronte a estas visións a nosa preferencia é por un modelo baseado na procura de síntomas substancialmente activos, tentando valorar e calcular as súas implicacións.

---

<sup>1</sup> Seoane, Luís, *Textos inéditos*, edición. Manuel Nuñez, Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1991, páx. 41. Sobre Luís Seoane, nesta mesma colección, publicamos o volume *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane*, Laivento, 2015.

Entendemos como chave para comprendermos este proceso evolutivo, antes da Guerra Civil, a figura de Castelao<sup>2</sup> que rompe co rexionalismo desde unha perspectiva social, mais, sobre todo, achamos fundamental a configuración do Movemento Renovador d'Os *Novos* (Maside, Torres, Souto, Laxeiro, Colmeiro...). O compromiso social, reiteradamente citado pola maioría dos seus protagonistas, é fulcral neste proceso. A momento decisivo para entendermos o desenvolvemento da nosa plástica prodúcese entre os anos finais da década dos vinte e os anos da Segunda República, tendo como marco xenérico a Europa de entreguerras.

Os diferentes traballos que conforman este libro, en maior ou menor medida, sitúanse neste cadro e desenvolven estas ideas a partir da análise da evolución da obra de autores relevantes e tamén dando conta do papel notábel que xogaron nestes procesos os xéneros: paisaxe, retrato, natureza morta. As diferentes achegas articúlanse de forma mixta, atendendo ao temático e ao cronolóxico mais sobre todo prestando atención aos procesos de desenvolvemento estético e a súa inserción no “espazo cultural” galego.

Concíbense estas achegas como argumentos, establecendo relacións didácticas e reflexivas coas obras e en diálogo cunha multiplicidade de referencias que nos posibilitan entender e interpretar as obras non soamente valoradas na súa singularidade, senón tamén como parte dun argumento, dunha reflexión que quere amosar a arte, coa súa vizosa variedade, como un xogo de enlaces ou mesmo en ocasións como un ensarillado nobelo que dá a posibilidade de variados discursos.

A primeira parte do volume insire un estudo sobre o papel do retratística na modernización da pintura galega desde finais do século XIX até mediados do XX. A primeira versión do mesmo foi publicada como texto curatorial no catálogo *Faces do país. O retrato en Galicia 1890-1950* editado pola Fundación Novacaixagalicia en 2011.

A segunda parte do volume está dedicada a estudos sobre algunhas das figuras centrais do movemento renovador da arte

2 Estudamos estes aspectos en Barnárdez, Carlos L., *Do idilio á diáspora. Modernidade e compromiso na pintura galega de Castelao a Seoane*. Baiona, NigraTrea, 2011.

galega: Maside, Souto e Colmeiro. O traballo “Debuxar do lado do home. A ilustración gráfica de Carlos Maside” saíu no número 211 da revista *Grial* en 2016; o texto “Ambigüidade e melancolía: a *Farándula* de Arturo Souto” foi parte do número 205 da revista *Tempos Novos* e os traballos sobre Manuel Colmeiro tiveron como orixe unha conferencia e un proxecto expositivo: “Galicia ten un pintor A obra pictórica de Manuel Colmeiro no contexto da arte galega” tivo como versión inicial unha palestra impartida no Museo de Pontevedra no seminario *O primeiro Laxeiro e a arte do seu tempo: Europa, España, Galicia* o día 12 de decembro de 2008; “Colmeiro, paisaxe que sabe a pan”, que fai fincapé na pintura de paisaxe, foi elaborado para a mostra do mesmo título celebrada en Lugo no Círculo das Artes en 2012. Acabamos cun estudo dedicado ao xénero da natureza morta, con especial atención ás obras de Maside e Colmeiro, que nunha versión inicial, parcialmente modificada, apareceu na revista dixital *Palavra comum/Artes e letras da lua nova* (palavracomum.com). A todas as publicacións e institucións vaia o meu agradecemento polo seu esforzo e interese en dar a coñecer a tradición da modernidade plástica do noso país.